

Aeroporto de Santiago- Rosalía de Castro

Servizo de asistencia a persoas
con mobilidade reducida

Servizo gratuíto



Servizo de asistencia a persoas con discapacidade ou mobilidade reducida nos aeroportos españois

En cumprimento do Regulamento (CE) 1107/2006 do Parlamento Europeo, ponse en marcha a partir do 26 de xullo de 2008 en todos os aeroportos europeos un servizo de atención aos pasaxeiros con mobilidade reducida.

Esta medida comunitaria supón un grande avance social para as persoas con discapacidade e, por esta razón, dispuxéronse todos os recursos económicos, materiais e humanos necesarios para facer posible que en

todos os aeroportos españois se preste un servizo de calidade que garanta que todas as persoas poidan gozar do transporte aéreo entre calquera punto da xeografía europea, sexa cal sexa a súa discapacidade.

Diferentes discapacidades

● WCHC

Pasaxeiros privados de calquera mobilidade e non autosuficientes. Deben ser acompañados ao seu asento e necesitan axuda persoal completa. Se a viaxe dura máis de tres horas, han de levar acompañante.

● WCHR

Pasaxeiros que necesitan axuda durante o traslado entre a aeronave e a terminal. Son autosuficientes para embarcar e para desprazarse dentro da aeronave.

● WCHS

Pasaxeiros que necesitan axuda entre a aeronave e a terminal e tamén para embarcar. Son autosuficientes dentro da aeronave.

● DEAF

Pasaxeiros con discapacidade auditiva.

● BLND

Pasaxeiros con discapacidades visuais.

● DPNA

Pasaxeiros con discapacidade intelectual, cognitiva ou do desenvolvemento que necesitan asistencia. Por exemplo, persoas con alzhéimer ou TEA.

● MAAS

Todos os demais tipos de pasaxeiros que requiren asistencia e que non están recollidos nas categorías anteriores. É necesario especificar as necesidades particulares.

Que pasos debes seguir?

1 Solicítalo

Polo menos con 48 horas de antelación* e:

- Necesariamente ao facer a túa reserva ou ao adquirir o billete, a través do teu axente de viaxes ou da túa compañía aérea.
- Adicionalmente, e de maneira opcional, válido exclusivamente para a asistencia nos aeroportos españois da rede de Aena, a través do teléfono (+34) 91 321 10 00, da nosa web (www.aena.es) ou da aplicación oficial de Aena.

2 Acude ao punto de encontro

Se non se fixou hora, recoméndase acudir dúas horas e media antes da saída do voo*. Avisa da túa chegada no mostrador de facturación da túa aeroliña, no mostrador de asistencia PMR ou utiliza os monólitos, onde te recolleremos. Podes ver a localización dos puntos de encontro na nosa web:

www.aena.es/es/pasajeros/red-aeropuertos.html



* Se o voo é á primeira hora da mañá, consulta o horario de apertura da terminal. O tempo mínimo para acudir ao punto de encontro é de dúas horas antes da saída do voo. Se non se solicita o servizo coa antelación requirida ou se non se acode ao aeroporto á hora acordada, AENA non se fai responsable no caso de que se perda o voo, non garante a calidade do servizo e non se responsabiliza do tempo de espera ou de calquera situación análoga desfavorable.

3 Facturación e embarque

Serás atendido durante todo o proceso de facturación e nos controis de seguridade, acompañarémote ata o teu asento no avión e axudarémosche coa equipaxe e coas axudas persoais.



4 Desembarque

Espera a que te recollamos no interior do avión e logo axudarémosche a desembarcar e a recoller a túa equipaxe. Despois acompañarémote ao punto de encontro do aeroporto que ti decidas.








5 Valoración do servizo

Agradecerémosche que valores o servizo unha vez finalizado. Para calquera comunicación adicional, podes contactar connosco a través da web: www.aena.es/es/contacto.html. ou a través do QR:




Situación no aeroporto

-   Punto de encontro PMR*
-  Zona de acceso restrinxido
-  Zona de acceso libre



Planta 1



Edificio Terminal

Planta 0

*PMR: Persoa con mobilidade reducida ou discapacidade.

Para información
(+34) 91 321 10 00

Co asesoramento de

